

ASUNTO:

Alegacións ao ACORDO do 27 de xaneiro de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto dos parques eólicos Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014), situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026), situada nos concellos de Oia, Baiona e Gondomar.

Dona/Don _____

con DNI. núm. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do proxecto industrial de catro parques eólicos (Margarita 18, Cote 25, Nao 19 e Galera 25) e da súa infraestrutura de evacuación, por medio do presente escrito realiza as seguintes ALEGACIÓNS:

Tal proxecto afecta severa e irreversiblemente á saúde, á calidade de vida e á economía das persoas que viven, residen e traballan nos núcleos rurais, nas vilas e cidades afectadas. Incluso unha sección da LAT está situada en solo urbano rural do concello de Baiona.

O proxecto eólico impide o normal desenvolvemento da multifuncionalidade dos montes veciñais en man común de Burgueira, Viladesuso, Mougás, Montes de Belesa, As Bouzas e outros montes.

As áreas de execución do proxecto están situadas nunhas zonas turísticas de alto tránsito pola que tamén pasa unha das rutas do Camiño de Santiago, a 2 km do aeroxerador máis próximo e a 100 metros da liña de evacuación á súa chegada ao SE de Gondomar.

O proxecto eólico descontextualiza que o rico patrimonio cultural, entre o que podemos citar os petróglifos da Cerradiña, os hórreos de Urgal etc.

O proxecto está situado en dúas Rexións Paisaxísticas da Área Protexida da Costa Sur – Baixo Miño: Costa Sur – Baixo Miño Litoral e Vigo Litoral. Presenta afeccións moi severas:

- Na ZEPA ES0000554 Corredor Migratorio Galaico-Cantábrico Occidental, a aproximadamente 1.130 metros da liña SAT.
- Na ZEC ES1140003 A Ramallosa, a aproximadamente 328 metros da liña SAT.
- Na ZEC da zona costeira.
- Na ZEPA ES0000554 Corredor Migratorio Galaico-Cantábrico Occidental das aves e morcegos clave identificados na ZEC A Ramallosa.
- Nas sobreiras do Faro, zona declarada EPIN (Espazo Privado de Interese Natural) incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.
- Nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) da Serra da Groba, Devesa da Costa, Corroubelo, Chan da Valga e Pego Negro.
- Nas especies de flora ameazadas e inventariadas na área afectada, como é o caso da *Beta maritima*, *Limonium humile*, *Narcissus cyclamineus*, *Rumex rupestris*, *Spiranthes aestivales*, *Succisa pinnatifida*, *Woodwardia radicans*, entre outras especies.
- Nas especies de fauna, por exemplo, a *Elona quimperiana* ou a *Dermochelys coriacea*, en perigo de extinción, e a máis dunha ducia de especies vulnerables. Existen seis especies ameazadas de aves (*Charadrius alexandrinus*,

Haematopus ostralegus e Hydrobates pelagicus) e de quirópteros (Myotis myotis, Rhinolophus ferrumequinum e R. hipposideros) na zona afectada, cun altísimo risco de colisións mortais e/ou barotraumas graves.

As graves afeccións esténdense á Serra do Galiñeiro, ao Monte Aloia, ao Chan da Valga, á Serra da Groba, aos Montes do Facho e Tetón e a moitas máis zonas que deben protexerse.

O proxecto industrial ocasiona a perda de conectividade ecolóxica e de infraestruturas verdes. Provoca erosión e a perda da capacidade agrolóxica do solo.

O proxecto industrial afecta severamente aos cursos de auga, como é o caso do río Vila de Suso, río Mougás, río Groba, río Guillade etc., e ás súas respectivas concas fluviais. Os impactos ambientais esténdese á Rede Natura 2000 (ZEC ES1140003 A Ramallosa) e a espazos naturais inventariados no Inventario de Humidais de Galicia (114015 Esteiro do Miñor) nos que desemboca o río Groba.

No Estudo de Impacto Ambiental non se avaliaron os graves impactos ambientais mencionados. Vulnérase a normativa relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, Hábitats e Especies de Interese Comunitario e de toda a superficie da Rede Natura 2000. Vulnéranse os planeamentos urbanísticos municipais de Oia, Baiona e Gondomar. Óbviase a avaliación dos efectos ambientais sinérxicos e acumulativos.

Incúmprese a Lei de montes de Galicia, que prohibe o cambio de uso forestal dos terreos queimados durante 30 anos e a zona ardeu no ano 2013.

Dos catro parques eólicos proxectados tan só o PE Margarida 18 pode ser considerado como tal. O resto constitúe unha fragmentación fraudulenta dun PE de catro aeroxeradores en catro dun único aeroxerador.

Non se ten en conta o rexeitamento da poboación a instalar proxectos eólicos na Serra da Groba nin nas zonas próximas. Tal desaprobación foi referendada polos plenos dos tres concellos afectados.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do proxecto dos parques eólicos Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014), situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026), situada nos concellos de Oia, Baiona e Gondomar.

2.- A denegación da autorización administrativa previa.

3.- A denegación da autorización administrativa de construción.

4.- O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental.

5.- Que o conxunto Serra da Groba, A Valga e Costa de Oia xunto co Galiñeiro-Monte Aloia sexan considerados "Zonas de exclusión eólica" (OEGA, 2021)

_____, a _____ de _____ de 20__

Asdo.